



CONCELLO DE POIO

Ref: MC (Secretaría)

ACTA DA SESION ORDINARIA, NÚMERO CATROCENTOS CORENTA E SETE REALIZADA POLO PLENO DESTA CORPORACION O DÍA VINTE E CINCO DE XANEIRO DE DOUS MIL ONCE.

Na Casa Consistorial de Poio, ás dezanove horas e corenta minutos do día vinte e cinco de xaneiro de dous mil once, baixo a presidencia do Sr. Alcalde D. Luciano Sobral Fernández e coa asistencia dos Concelleiros D. Xulio Barreiro Lubián, D^a. M^a Luz Senra Lorenzo, D. Xose L. Martínez Blanco, D^a. Silvia Díaz Iglesias, D. Francisco Piñeiro Murillo, D^a. Margarita Caldas Moreira, D^a. Consuelo Besada Lores, D. Gregorio L. Agís Gómez, D^a. Rosa Fernández González, D. Javier Domínguez Lino, D^a. Celeste Nieto García D. Angel Moldes Martínez, D^a. Irene Ligerio Iglesias, D. Miguel A. Martínez Nacemento e D. Manuel Domínguez Álvarez; escusa a non asistencia o Concelleiro D. Alberto Villaverde Méndez actuando como Secretario o do Concello D. Jacobo Barreiro Pimentel asiste como interventora D^a. Olga Fernández Rodríguez. Reuníronse en primeira convocatoria para realizar a sesión ordinaria correspondente ó día de hoxe e para a que foron previamente citados en tempo e forma. Pola Presidencia declárase aberta a sesión, para tratar os asuntos que figuran na Orde do Día.

3470.- APROBACIÓN ACTA ANTERIOR DO 28 DE DECEMBRO DE 2010.- De conformidade co disposto no artigo 91.1 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, dáse conta á corporación da acta anterior da sesión ordinaria realizada o 28/12/2010, núm. 446, a que queda aprobada por unanimidade.

3471.- ESTADO DE EXECUCIÓN DOS ASUNTOS PRECEDENTES.- Polo Sr. Secretario presente na sesión dáse conta do estado de execución dos asuntos precedentes e que son os que seguen: "3467.- PATRIMONIO, DESAFECTACIÓN CENTRO DE SAÚDE DE ANAFÁNS.- Uniuse certificación do acordo ao expediente, remitiuse e publicouse anuncio no Boletín Oficial da Provincia; 3468.- PROTOCOLO DE ADHESIÓN Á REDE DE CENTROS DE MODERNIZACIÓN E INCLUSIÓN TECNOLÓXICA (CEMIT).- Uniuse certificación do acordo ao expediente; 3469.- CONTRATACIÓN, ADXUDICACIÓN ARRENDAMENTO QUIOSCO SITO NA FINCA COSTA

XIRÁLDEZ.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e notificouse aos licitadores." A Corporación dáse por enterada.

3472.- DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DESDE O ÚLTIMO PLENO ORDINARIO.- Polo secretario presente na sesión dáse conta das resolucións da alcaldía desde o último pleno ordinario e que estiveron a disposición dos/as concelleiros/as xunto cos demais asuntos que figuran na orde do día. A corporación dáse por enterada

3473.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR NO CONCELLO DE POIO EN CONTRA DA SUBIDA DO RECIBO DA LUZ ACORDADA PARA O PRIMEIRO TRIMESTRE DO ANO 2011.- Polo Sr. Secretario presente na sesión dáse conta do expediente tramitado en relación coa moción presentada o 11 de xaneiro de 2011, no Rexistro Xeral polo Grupo Municipal do Partido popular en contra da subida do recibo da luz para o primeiro trimestre de 2011.

Con data 18 de xaneiro de 2011 someteuse dita moción a consideración da Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas adoptándose o seguinte ditame: "Dáse conta da moción presentada polo Grupo Municipal Popular do Concello de Poio de data 11 de xaneiro de 2011 na que, tras unha ampla exposición de motivos, somete ao Pleno do Concello de Poio a adopción dos seguintes acordos: " - Manifesta o seu rexeitamento á subida unilateral acordada polo goberno na Resolución que establece o custo de produción de enerxía eléctrica e as tarifas de último recurso a aplicar no primeiro trimestre de 2011. - Insta ao Goberno de España a alcanzar un gran pacto en política enerxética que permita acometer unha reforma integral do sistema eléctrico en España de forma que non sexan os consumidores os que teñan que pagar a factura da aposta polo carbón nacional e que tanto perxudica aos intereses de Galicia. - Insta ao Goberno de España a conxelar o recibo da luz durante o ano 2011, xa que a electricidade é un ben de primeira necesidade que afecta directamente a toda a poboación, así como a competitividade das nosas empresas e, por tanto, ás súas expectartivas de creación de emprego."

O Sr. Moldes Martínez di que presentan a moción porque lles parece abusiva a subida do recibo da luz e pensando nos consumidores cremos que non é o momento nin as formas por iso instamos que a nivel nacional se faga un pacto.

O Sr. Barreiro Lubián manifesta que é evidente que algo falla pero que é un sistema que se ven aplicando, isto parece a consecuencia da medida adoptada no ano 1997. Haberá que ver mellores opcións como consumir menos enerxía ou investir noutro tipo de enerxías.

A Sra. Besada Lores di que queda moi ben presentar un escrito onde se solicite non subir a luz motivado pola crise que estamos a padecer pero hai que ter en conta, e non olvidar, que foi o Partido Popular o que no ano 2000 hipotecou a luz e do ano 1996 ao 2004 este mesmo partido non realizou investimento ningún nesta materia. Efectivamente pódese buscar outra alternativa.

O Sr. Moldes Martínez respóndelle que no ano 1996 ao 2004 a factura la luz baixou un 14'2%.

O feito de primar o carbón nacional non contribúe a baixar o prezo da luz, dende aquí instamos a un pacto nacional para buscar unha alternativa.

O Sr. Barreiro Lubián finaliza a quenda de intervencións manifestando que mentras que o tema estea tan centralizado en tres empresas, dende o Concello de Poio non se pode facer nada.

A Comisión por 4 votos a favor do P.P., ningún voto en contra e 6 abstencións do BNG e PSOE acordou ditaminar favorablemente dita moción e propor ao Pleno a súa aprobación. "

Comeza a quenda de deliberacións o Sr. Domínguez Lino manifestando que a nefasta política económica do Partido Socialista lévanos a unha subida do 10% no recibo da luz e dun 4% no gas, bens de 1ª necesidade utilizados pola maioría dos españois.

Ao pensionista que se lle conxela a pensión, ao funcionario que se lle baixa o soldo un 5%, aos case 5 millóns de parados existentes nestes momentos en España como compensación a estas situacións o Partido Socialista sóbelle a luz un 10%.

Todo isto co agravante que desde o ano 2006 subiu a luz máis dun 40%.

Hai que resaltar que un tercio da suba deste ano 2011 débese á prima do carbón nacional que ten un maior coste e unha maior capacidade calorífica que o importado, perxudicando así ás empresas galegas das Pontes e Cerceda. Primeiro sóbenos o IVE dous puntos, que afecta a toda a poboación, logo a gasolina e logo o gasoil con prezos record históricos, quitan os incentivos fiscais da compra da 1ª vivenda, o cheque bebé e a axuda dos 426 e aos desempregados e remátana coas subidas da luz e o gas. Estas en resumo son as políticas sociais progresitas do Partido socialista.

A Sra. Besada Lores di que unha vez máis estamos asistindo a unha moción totalmente demagóxica do Partido Popular, pero no goberno do Sr. Aznar conxelouse a subida da electricidade que provocou un déficit que agora hai que afrontar mediante, medidas que evidentemente poden gustar

máis ou menos, e que as mesmas suporán unha redución nos custes do sistema eléctrico nos próximos tres anos.

Vostedes aproveitan agora e nomean as reducións que se están a facer, como son o cheque bebé, bonificacións na vivenda... pero non olvidemos que foi o goberno do partido socialista quen as introduciu e de todos os xeitos, aínda retirándoas, fomos os que máis invertimos en política social e non olvidemos tamén, que desde que o Partido Popular goberna en Galicia xa recortou en Educación, Sanidade... o que teñen que facer é deixar de facer demagogia e presentar propostas coherentes.

O sr. Barreiro Lubián manifesta que o incremento da luz ven derivado polo déficit tarifario, as diferenzas entre o que custa producir e o que se recada. As grandes compañías teñen un sistema de facer o cálculo e fano de forma particular.

Hai 10 anos díxose que non existía déficit tarifario e rebaxoíse, aquilo durou o que as compañías quixeron. A fórmula de cálculo foi aprobada no ano 97 polo PP. Non estamos de acordo na fórmula da tarifa e estamos en desacordo coa subida, en todo caso debería de subirse en torno ao IPC, pero tampouco estamos de acordo co plantexamento do PP nin coa súa demagogia, a hora de presentar as mocións, polo que imos votar en contra.

O Sr. Domínguez Lino di que esta subida afecta a toda a poboación e empezarán a notala no rebibo do mes de xaneiro.

A Sra. Besada Lores di que tamén os veciños notarán as medidas que está a aprobar a Xunta de Galicia, como pode ser o establecemento do canon da auga...

Sometido a votación o ditame emitido pola Comisión Informativa este quedou rexeitado por 6 votos a favor do PP, 10 votos en contra (7 do BNG e 3 do PSOE) e ningunha abstención.

3474.- PATRIMONIO, APROBACIÓN RECTIFICACIÓN INVENTARIO CORRESPONDENTE AO EJERCICIO 2007.- Polo Sr. Secretario presente na sesión dáse conta do expediente tramitado co motivo da aprobación da rectificación do Inventario Municipal de Bens correspondente ao exercicio 2007 iniciado a proposta da alcaldía de data 15 de decembro de 2010 no que se consigna que se realicen as oportunas alteracións durante o exercicio 2007, tanto en aumentos como en baixas, determinando o patrimonio líquido.

Incorpórase ao expediente resumo das altas e baixas producidas no devandito patrimonio co seguinte resultado:
Activo: Aumentos bens inmoables (epígrafe 1) 1.248.677,27 €,

aumentos vehículos (epígrafe 5) 204.244,00 € e aumentos Mobles non comprendidos anteriormente (epígrafe 7) 9.798,22 €. **Pasivo:** Aumentos 2007: 1.310.000,00 € Baixas: 2007: 478.284,33 €. **Suma Activo a 31.12.2007:** 7.892.379,03 € **Suma Pasivo a 31.12.2007:** 7.071.656,53 € **Diferencia patrimonio Líquido a 31.12.2007:** 820.722,50 €.

Consta no expediente informe xurídico do Secretario Xeral de data 13 de xaneiro de 2011 así como proposta da alcaldía de data 11 de xaneiro de 2011 de aprobación do expediente formada pola Unidade de Patrimonio así como remitir copia íntegra do mesmo á Administración do Estado e da Comunidade Autónoma.

Con data 18 de xaneiro de 2011 someteuse o expediente a consideración da Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas emitíndose informe favorable.

Non subscitándose debate ningún a Corporación por unanimidade acordou aprobar o expediente de rectificación do Inventario de Bens correspondente ao exercicio 2007 adoptándose o seguinte acordo:

Primeiro: Aprobar a rectificación do Inventario Municipal de bens e dereitos pertencentes a este Concello, referidos ao periodo entre o 01/01/2007 ao 31/12/2007 nos termos que figuran no resumos que consta no expediente.

Segundo: Remitir copia íntegra do mesmo á Administración do Estado e da Comunidade Autónoma.

3475.- INTERVENCIÓN, INFORME DE REPARO FACTURA NÚM. 11000002 DE AUTOMOCIÓN CATOIRA, SL POR ADQUISICIÓN DE VEHÍCULO USADO.- Dáse conta do expediente tramitado co motivo da factura presentada por Automociones Catoira, SL con rexistro de entrada no rexistro de facturas o 05 de xaneiro DE 2011, pola venta de un vehículo marca Renault Kangoo 4586-BMY por un importe de 2950,00 € dos que 450,00 corresponden ao IVE (18%), e que foi obxecto de reparo pola intervención Municipal por insuficiencia de crédito mediante informe de data 13 de xaneiro de 2011.

Con data 18 de xaneiro de 2011 someteuse dito asunto a ditame da Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas adoptándose o seguinte ditame: "Dáse conta do expediente, da proposta da Concellería de Vías e Obras de data 29 de decembro de 2010 e dos informes do enxeñeiro municipal e da Intervención Municipal de data 13 de xaneiro de 2011 sobre a adquisición dunha furgoneta Renault Kangoo, matrícula 4586-BMY de segunda man en boas condicións na empresa de desgüaces Automociones Catoira S.L. por importe

de 2.500 € mais IVE é dicir 2.950 €.

A interventora municipal explica o contido de dito expediente manifestando que a factura en cuestión trata dun contrato de subministro dos regulados no artigo 9 da Lei de Contratos do Sector Público, podéndose tratar como un contrato menor, e é obxecto de reparo por falta de crédito para a súa aprobación. No caso de levantar o reparo, o Pleno da Corporación podería dotar crédito para a aprobación do gasto, unha vez que se proceda a levar a cabo a modificación orzamentaria mediante incorporación de remanentes de crédito procedentes de gastos con financiación afectada, ordenando levar a cabo un cambio de finalidade no crédito que existirá na aplicación 453.62300 por importe de 19.000€ (adicado inicialmente á adquisición dun limpiapraias), ordenando un cambio no importe de 2.950€ para a adquisición da furgoneta obxecto da mencionada factura reparada.

O Sr. Moldes Martínez quere manifestar que o seu Grupo Político vai votar en contra primeiro polo reparo e segundo por ser a fórmula de vehículos lixeiros de 2ª man.

A Sra. Besada Lores contéstalle que é evidente que o mellor sería a compra dunha furgoneta nova pero como polos servizos técnicos informan que está en moi bo estado, a empresa comprométese a dar garantía de 1 ano e o prezo está mellor.

A Comisión por 6 votos as favor do BNG e PSOE, ningunha abtención e 4 votos en contra do P.P. acordou ditaminar favorablemente dito asunto e que se propoña ao Pleno a aprobación do levantamento de reparo por insuficiencia de crédito emitido pola Intervención Municipal e unha vez levada a cabo a modificación orzamentaria mediante a incorporación de remanentes de crédito, mencionados no informe da interventora municipal, se ordea o cambio de finalidade do importe de 2.950 € na aplicación 453,62300 destinado á compra do vehículo mencionado. "

Non subcitándose debate ningún sométese a votación o ditame emitido pola Comisión Informativa de Facenda este quedou aprobado por 10 votos a favor (7 BNG e 3 PSOE), 6 votos en contra do PP e ningunha abstención adoptándose o seguinte acordo:

Primeiro: Levantar o reparo por insuficiencia de crédito emitido pola Intervención Municipal mediante informe de data 13 de xaneiro de 2011 de conformidade co disposto no artigo 215 e ss do Real decreto 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais.

Segundo: Que pola Intervención Municipal se realicen os trámites necesarios para proceder a levar a cabo, o cambio de finalidade no importe de 2950 € na aplicación 453.62300 coo fin de destinar o crédito da aprobación da factura logo de que se aprrobe a modificación orzamentaria mediante incorporación de remanente de crédito.

3476.- PROPOSTA DA CONCELLEIRA DE CULTURA DE ADHESIÓN AO CONVENIO DE COLABORACIÓN FEGAMP E FUNDACIÓN MANUEL MARÍA.- Dáse conta do expediente tramitado mediante proposta da Concelleira de Cultura de data 10 de xaneiro de 2011 en relación a Adhesión ao Convenio de Colaboración entre a Federación Galega de Municipios e provincias e a Fundación Manuel María de Estudos Galegos para a promoción e realización de actividades culturais.

Consta no expediente informe emitido polo Secretario xeral e intervención municipal de data 12 de xaneiro de 2011.

Con data 18 de xaneiro de 2011, sométese dito expediente á consideración da Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas emitíndose o seguinte ditame: "Dáse conta do escrito remitido pola FEGAMP, de data 4 de novembro de 2010, xuntando "Convenio de colaboración entre a Federación Galega de Municipios e Provincias e a Fundación Manuel María de Estudos Galegos para a promoción e realización de actividades culturais", da proposta da Concelleira-Delegada de Cultura deste Concello de Poio, de data 10 de xaneiro de 2011 de que se acorde a intención de adherirse ao Convenio de colaboración entre a Federación Galega de Municipios e Provincias e a Fundación Manuel María de Estudos Galegos para a promoción e realización de actividades culturais, debendo consignarse crédito suficiente e adecuado no Orzamento para o exercicio 2011 así como consignar a achega a realizar como subvención nominativa no mencionado Orzamento polo importe de 300€ así como nos anos sucesivos mentres teña duración o mencionado Convenio, e dos informes do secretario e interventora municipal de data 12 de xaneiro de 2011.

A Concelleira Díaz Iglesias explica o contido do expediente, manifestando que, a través da FEGAMP, se solicita a adhesión dos concellos a Fundación Manuel María, para colaborar coas actividades culturais e adherirnos mediante a fórmula de aportación anual de 300€.

O Sr. Moldes Martínez pregunta sobre a duración do convenio.

A Concelleira Díaz Iglesias responde que no convenio

non se aclara a duración de forma clara pero que no escrito que xunta o convenio fálase de forma anual.

A Comisión por 6 votos a favor do BNG e PSOE, ningún voto en contra e 4 abstencións do P.P. acordou ditaminar favorablemente dito asunto e propor ao Pleno a súa aprobación."

Non subcitándose debate ningún e sometido a votación o ditame emitido pola Comisión Informativa este quedou aprobado por 10 votos a favor (7 BNG e 3 PSOE), 6 votos en contra do PP e ningunha abstención adoptándose o seguinte acordo:

Primeiro: Adherirse ao Convenio de Colaboración entre a Federación Galega de Municipios e provincias e a Fundación Manuel María de Estudos Galegos para a promoción e realización de actividades culturais.

Segundo: Facultar ao Sr. Alcalde para os trámites sucesivos do expediente.

3477.- CONTRATACIÓN, ADXUDICACIÓN ARRENDAMENTO QUIOSCO SITO NA FINCA COSTA XIRÁLDEZ.- De conformidade co disposto no artigo 82 do Real decreto 2568/1986, do 26 de novembro, de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais sometido a votación a ratificación do asunto na orde do día por non ser ditaminado previamente por comisión informativa ningunha esta quedou aprobada polo voto favorable dos membros presentes.

Polo Sr. Secretario presente na sesión dáse conta do expediente tramitado para o contrato de arrendamento urbano de uso distinto a vivenda, mediante procedemento aberto, para a explotación do quiosco e instalación destinado a bar na Finca Costa Xiráldez de Lourido para o seu uso público en xeral por o prazo dun ano a partir da sinatura do contrato e correspondente acta de inicio do servizo que deberá subscirbirse por ambas partes.

Dándose conta igualmente do acordo número 3469 adoptado polo Pleno desta Corporación en sesión realizada o 28 de decembro de 2010, no que se acordou por maioría absoluta e de conformidade co disposto no artigo 135 da Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público (modificada pola Lei 34/2010, do 5 de agosto) requirir a María Fernanda da Cunha Fernández para que no prazo de 10 días hábiles a partir do seguinte ao de recepción deste requirimento presente a documentación xustificativa de estar ao corrente coas obrigas tributarias co Estado e Comunidade Autónoma e Concello de Poio así como constituír unha garantía definitiva por importe de 900 €, de

conformidade coas cláusulas 10 e 11 do PCA. Unha vez recibida a documentación mencionada o órgano de contratación adxudicará o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes a recepción da indicada documentación.

Con data 20 de xaneiro de 2011 e número de entrada 273 preséntase pola interesada a documentación de estar ao corrente coas obrigas tributarias co estado, comunidade autónoma e seguridade social e Concello de Poio así como xustificante de ingreso de fianza para responder das obrigas derivadas da execución do contrato por importe de 900,00 €.

Non subscitándose debate ningún o Pleno da Corporación por 10 votos a favor (7 BNG e 3 PSOE), ningún voto en contra e 6 abstencións do PP, acordou aprobar o ditame emitido pola Comisión Informativa de Facenda adoptándose o seguinte acordo:

Primeiro: Adxudicar o contrato de arrendamento urbano de uso distinto a vivenda, mediante procedemento aberto, para a explotación do quiosco e instalación destinado a bar na Finca Costa Xiráldez de Lourido a D^a. María Fernanda Da Cunha Fernández polo prezo de 236 € (IVE engadido) e condicións incluídas na oferta que forma parte do expediente.

Segundo: Facultar ao Sr. alcalde para os trámites sucesivos do expediente.

Terceiro: Notificar o presente acordo á adxudicataria con indicación dos recursos que procedan.

3478.- URBANISMO, PROXECTO SECTORIAL DE INCIDENCIAS SUPRAMUNICIPAL DO NOVO HOSPITAL DE PONTEVEDRA, QUE TRAMITA A CONSELLERÍA DE SANIDADE, DA XUNTA DE GALICIA.- De conformidade co disposto no artigo 82 do Real decreto 2568/1986, do 26 de novembro, de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais sometido a votación a ratificación do asunto na orde do día por non ser ditaminado previamente por comisión informativa ningunha esta quedou aprobada polo voto favorable dos membros presentes.

Polo Sr. Secretario dáse conta do expediente tramitado a instancia da Consellería de Sanidade da Dirección de Recursos Económicos de data de entrada no Rexistro Xeral do Concello o 14 de decembro de 201, número 6926 polo que se solicita informe relativo ao proxecto sectorial de incidencia supramunicipal do Novo Hospital de Pontevedra. Consta no expediente informe da arquitecta Municipal de

data 18 de xaneiro de 2011, Asesor Xurídico do 19 de xaneiro de 2011 e que din o seguinte:

Informe do Asesor Xurídico: "Vista a documentación remitida, do proxecto sectorial incidencias supramunicipal do novo hospital de Pontevedra, que tramita a Consellería de Sanidade e o disposto na Lei 9/2002, de 30 de decembro de Ordenación Urbanística y Protección do Medio Rural de Galiza, pola Lei 15/2004, de 29 de decembro e a Lei 2/2010, de 25 de marzo, así como o desposto na Lei 10/1995, de 23 de novembro, de Ordenación do Territorio de Galicia, modificada pola Lei 15/2010, de 28 de decembro, de Medidas Fiscais e Administrativas y el Decreto número 80/2000, de 23 de marzo, polo que se regulan os plans e proxectos sectoriais de incidencias supramunicipal, teño a ben informar o que segue:

1º.- Con data 14 de decembro de 2010, tivo entrada no Concello un oficio do Director de Recursos Económicos, da Consellería de Sanidade, da Xunta de Galiza, remitindo ao Concello un DVD, contendo unha copia do proxecto sectorial de incidencias supramunicipal do novo hospital de Pontevedra, aos efectos de que no prazo de 2 meses poida o Pleno do Concello de Poio alegar o procedente no que se refire aos aspectos que sexan da competencia municipal, emitindo o informe sectorial que estime conveniente no que se refire ao dito proxecto.

2º.- A arquitecta municipal deberá emitir o informe correspondente, no que se refire á súa competencia, sobre o proxecto sectorial remitido.

3º.- O artigo 13 do Decreto 80/2000, de 23 de marzo, polo que se regulan os plans e proxectos sectoriais de incidencias supramunicipal, no procedemento de aprobación do mesmo, establece a obriga de audiencia aos concellos afectados, remitíndolles aos mesmos un exemplar do proxecto sectorial correspondente, a través da Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia, concedéndose ao Concello de Poio o prazo de dous meses para informar o procedente, rematando o prazo o 14 de febreiro de 2011.

Por todo isto, considera este informante que se debe dar conta este proxecto sectorial ao Pleno do Concello de Poio para o seu coñecemento, previo dictame -proposta da comisión informativa de urbanismo, sobre as alegacións que estimen necesario realizar dentro do prazo concedido de 2 meses e remitíndose o acordo que se adopte á Consellería de Sanidade para a súa unión ao expediente. "

Informe emitido pola Arquitecta Municipal "Logo de ver a documentación remitida pola Consellería de Sanidade para a emisión do correspondente informe sectorial respecto do proxecto de incidencia supramunicipal do Novo Hospital de Pontevedra en cumprimento do artigo 13 do Decreto 80/2000,

do 23 de marzo, polo que se regulan os plans e proxectos sectoriais de incidencia supramunicipal, a técnico municipal emite o seguinte informe:

ANTECEDENTES

Remítese copia dixital do anteproxecto e prescricións técnicas do Novo Hospital de Pontevedra, redactado pola UTE Nuevo Hospital de Pontevedra. Inclúese ademáis o ISA correspondente a este proxecto.

FUNDAMENTOS TÉCNICO-XURÍDICOS

Segundo se indica no anteproxecto, o Novo Hospital de Pontevedra estará emprazado no Monte Carrasco, na parroquia de San Miguel de Marcón, do Concello de Pontevedra.

Dende o punto de vista do emprazamento, os terreos non limitan con terreos do Concello de Poio.

O PXOM vixente en Poio non contén determinacións ao respecto do proxecto de incidencia supramunicipal do Novo Hospital de Pontevedra.

Na documentación presentada no Concello da revisión do PXOM, actualmente en tramitación, non se contemplan determinacións ao respecto do proxecto de incidencia supramunicipal do Novo Hospital de Pontevedra.

INFORME Polo exposto, informo que si ben o Concello de Poio está na área de influencia do proxecto de incidencia supramunicipal do Novo Hospital de Pontevedra xa que o seu emprazamento localízase no concello de Pontevedra, limítrofe con Poio, as disposicións do Plan Xeral de Ordenación Municipal de Poio non se ven afectadas polas determinacións do anteproxecto presentado e as prescricións técnicas que o acompañan."

Con data 25 de xaneiro de 2011 sométese o expediente a consideración da Comisión Informativa de Urbanismo a que se da por enterada e acorda que pase ao Pleno para a súa resolución.

Antes de proceder á votación do presente asunto polo Sr. Barreiro Lubián, actuando en calidade de voceiro do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego presentanse as seguintes alegacións ao Proxecto Sectorial de Incidencia supramunicipal e que son as que seguen, dando copia das alegacións aos membros da corporación:

1º.- A construción dun novo hospital con financiamento privado vai provocar que se retrase ata 2015 o inicio das obras do centro hospitalario que estaba previsto ampliar e que debería entrar en servizo en 2012.

2º.- Este novo proxecto non supón ningunha mellora no espazo dispoñible, nas camas e outros recursos respecto da ampliación de Montecelo, centro que foi renovado nos últimos anos.

3º.- A ubicación dese novo centro faise nun lugar que carece de infraestruturas necesarias para darlle os servizos necesarios, para o cal haberá que facer un forte investimento que se podería eviar coa ampliación de Montecelo.

4º.- Este novo proxecto supón un incremento dos custos que multiplica por 14 o investimento previsto en Montecelo para obter unha infraestrutura semellante. É evidente que este exceso de custo deberá ser pagado polos contribuintes.

5º.- A privatización deste novo hospital fará que a súa explotación quede en mans privadas durante máis de 20 anos, condicinando calquera política sanitaria futura provocando un deterioro da sanidade, sendo exemplos desta política os casos de Valencia e Madrid.

A continuación, o Sr. Domínguez Lino manifesta que o texto que se presenta como alegación non ten cabida dentro deste asunto xa que o que se pretende é aprobar ou informar favorablemente o Proxecto Sectorial.

O Sr. Barreiro Lubián manifesta que os informes técnicos xa constan no expediente e que eles o que fan é presentar unha alegación política, sendo a súa función e non informar a parte técnica.

Á vista da problemática xordida de se as alegacións teñen cabida no presente asunto, polos membros da corporación pídeselle unha aclaración xurídica ao Secretario do Pleno o que manifesta o seguinte:

Toma a palabra o Sr. Secretario do Concello para salientar en primeiro lugar que as comisións informativas teñen como función o estudo, informe ou consulta e que estas funcións se manifestan en ditames favorables ou desfavorables sobre o asunto que se somete a informe e que por tanto, o ditame que elevou a Comisión Informativa de urbanismo non adopta esta forma limitándose a darse por enterada e trasladar o expediente ao Pleno sen ditaminar favorable ou desfavorablemente o mesmo.

Toma a palabra o voceiro do PP o Sr. Domínguez Lino para rogar que se melloren os informes dos expedientes que se levan a comisión de urbanismo dado que ao final dos informes do Secretario do Concello sempre conclúe con independencia do anteriormente exposto o Pleno da Corporación acordará o que estime oportuno.

Responde o Sr. Secretario que a coletilla que vai ao final

do informe non é a conclusión do mesmo senón que son fórmulas literarias coma "sen prexuízo de outro mellor fundado en dereito" etc., que non se poñen a modo de conclusión senón para salientar en virtude do establecido na Lei 30/1992, do 26 de novembro, con carácter xeral, os informes serán non vinculantes e que por tanto con independencia do informado tanto polo secretario xeral como polo resto do persoal técnico do concello os órganos de goberno poderán apartarse dos mesmos asumindo a súa responsabilidade polas decisións que adopten. Recalca que houbo expedientes informados desfavorablmente pola secretaría e pola intervención a cerca dos que o PP se abstivo e sobre os que non tivo ningún problema de comprensión a pesar de que ao final dos mesmos figuraba a antedita coletilla.

Responde o Sr. Domínguez Lino que en ningún caso pretendía criticar o traballo dos técnicos rogando simplemente unha maior claridade nos informes coa finalidade de que poidan realizar a súa función de control de mellor maneira.

Toma a palabra o Sr. Secretario para dicir que tratará de que os seus informes sexan o máis claro posibles e que non lle molesta que se soliciten aclaracións acerca dos mesmos.

Acerca da cuestión que se plantexa o artigo 97 do ROF define a terminoloxía a empregar no pleno da corporación e que no mesmo se di que os ditames conteñen unha parte expositiva e un acordo a adoptar e que para modificar os mesmos se pode ou ben facer un voto particular ou unha emenda como proposta de modificación dun ditame no primeiro caso por un membro que forma parte da comisión informativa e no segundo por un membro que non forma parte da comisión informativa pero dado que o ditame pola comisión de urbanismo non incluía un acordo a adoptar as alegacións que se queren presentar realmente non serían unha emenda ou voto particular ao ditame dado que o mesmo simplemente se limita a trasladar o expediente ao pleno.

Que no oficio remitido pola Consellería de Sanidade estase a solicitar informe relativo ao proxecto supramunicipal do Novo Hospital de Pontevedra, e este Informe emítese en virtude do artigo 13 do Decreto 80/2000, do 23 de marzo, polo que se regulan os plans e proxectos de incidencia supramunicipal, e que os servizos técnicos do concellos emitiron ese informe e que por tanto o ditame debería recoller un proposta de acordo polo que se lle da traslado destes informes á Consellería e que si querían presentar alegacións ao modo de xestión do novo hospital ou polo que respecta aos custos do mesmo, etc., sería mellor que fose obxecto dunha moción dado que entende que o que se trata neste punto é a remisión dun informe sectorial que debe ser

emitido polo Departamento de Urbanismo do Concello.

O Sr. Barreiro Lubián de igual xeito como manifestou ao comeza da súa intervención reitera que ao estar o proxecto en exposición pública eles poden interpoñer as alegacións que estimen oportunas, as que poden ter un contido técnico ou político.

Sometida a votación o envío das alegacións ao Proxecto Sectorial de Incidencia Supramunicipal do Novo Hospital de Pontevedra da Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia o Pleno do Concello por 10 votos a favor (7 BNG) 3 PSOE), 6 votos en contra do PP e ningunha abstención acordou:

Primeiro: Aprobar as alegacións presentadas polo Voceiro do BNG.

Segundo: Remitir as anteditas alegacións presentadas así como os informes técnicos obrantes no expediente á Consellería de Sanidade, para o seu coñecemento.

3479.- ADHESIÓN CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A XUNTA DE GALICIA E A FEGAMP PARA O DESENVOLVEMENTO DA ADMINISTRACIÓN ELECTRÓNICA NAS ENTIDADES LOCAIS DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA.- Sometido á votación a inclusión do presente asunto na orde do día por non ser ditaminado previamente por Comisión Informativa ningunha esta quedou aprobada por unanimidade.

A continuación, polo Sr. Secretario dáse conta da proposta da alcaldía de data 21 de xaneiro de 2011 de Adhesión ao Convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia e a Federación Galega de Municipios e Provincias para o desenvolvemento da Administración Electrónica nas Entidades Locais da Comunidade Autónoma de Galicia asinado en Santiago de Compostela o 13 de xullo de 2010 que ten por obxecto o impulso e desenvolvemento da e-administración nas Entidades Locais, coa finalidade de garantir aos Cidadáns o acceso electrónico aos servizos públicos mediante a implantación de procedementos, plataformas e redes de comunicación que posibiliten a súa interacción con calquera da Administración Pública. Establecéndose ademais os mecanismos adecuados para asegurar unha maior participación, coordinación de investimentos, actuacións e intercambio de información entre as partes asinantes.

O convenio será efectivo desde a data da súa sinatura e estenderá a súa vixencia ata o 31 de decembro de 2013, sen prexuízo de que se acorde polas partes expresamente a súa prórroga por periodos bianuais cunha antelación mínima dun mes de vencemento.

Antes de proceder á votación do asunto polo Sr. Alcalde ponse de manifesto que neste momento faise totalmente necesario á adhesión a este Convenio xa que a Xunta de Galicia, exige para a maioría dos seus trámites, como por exemplo a sinatura do Convenio aprobado no Pleno anterior de Adhesión aos Centros de Información, que está pendente deste trámite.

Non subscitándose debate ningún, sométese a votación a Adhesión ao devandito convenio o que queda aprobado por unanimidade adoptándose o seguinte ACORDO:

Primeiro: Aprobación á adhsesión ao Convenio de Colaboración entre a Xunta de Galicia e a Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP) para o desenvolvemento da Administración Electrónica nas Entidades Locais da Comunidade Autónoma de Galicia.

Segundo: Facultar ao Sr. Alcalde para a sinatura do protocolo de Adhesión, que se inclúe no sinalado convenio (anexo II).

MOCIÓNS URXENTES.- Polo Voceiro do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego, D. Xulio Barreiro Lubián preséntase a seguinte moción para ser debatida no Pleno da Corporación:

3480.- MOCIÓN PRESENTADA POLOS GRUPOS MUNICIPAIS DO BNG E PSOE, IMPLEMENTAR DE MANEIRA URXENTE AS MEDIDAS NECESARIAS A PALIAR OS DANOS CAUSADOS POLO TEMPORAL DO MES DE XANEIRO.- Previa declaración de urxencia por unanimidade de asistentes, de conformidade co artigo 83 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais dáse conta da moción asinada por d^a. Consuelo besada Lores e por D. Xulio Barreiro Lubián actuando en calidade de voceiros dos grupos municipais do PSOE e BNG, respectivamente coa finalidade de dirixirse ao goberno galego para que implemente de maneira urxente as medidas necesarias para paliar os danos causados polo último temporal acontecido a comezos do mes de xaneiro o que produciu diversos danos e perdas tanto en infraestruturas públicas como en bens privados que van a necesitar dunha reposición ou cando menos dun arranxo.

Polo Sr. Alcalde, antes de proceder á votación do asunto, explícase que co motivo do temporal do mes de xaneiro, producíronse varias reclamacións por parte de veciños de Poio, por danos nos seus propios bens e que por parte dos servizos técnicos estase a proceder a informar

sobre a valoración dos danos.

Sometido a votación a moción presentada esta quedou aprobada por unanimidade de asistentes adoptándose o seguinte acordo:

Primeiro: Dirixirse ao goberno galego para que implemente de maneira urxente as medidas necesarias para paliar os danos causados polo último temporal acontecido a comezos do mes de xaneiro.

Segundo: Remitir o presente acordo á Xunta de Galicia xuntando informe de valoración de danos.

ROGOS, PREGUNTAS E INTERPELACIÓNS.- Prodúcese a seguinte:

Polo voceiro do Grupo Municipal do Partido Popular pregúntase ao Concelleiro Delegado de Seguridade Cidadá se se adoptaron medidas pola oleada de roubos que están a acontecer estes días no noso concello.

O Concelleiro Piñeiro Murillo manifesta que hai abertas varias liñas de investigación, a raíz de catro denuncias, hai constancia de roubos no Pereiro, Campelo e na Reiboa pero que non deixan de ser acontecementos puntuais, aumentados pola súa difusión nos medios de comunicación.

E non habendo máis asuntos que tratar, polo Sr. Alcalde levántase a sesión ás vinte horas e corenta minutos, da que se redacta a presente acta, de todo o que eu, Secretario xeral, dou fe.